

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A UNIDADE DE DIÁLISE DOMICILIARIA DO SERVIZO DE NEFROLOXÍA DO CHUS IMPLANTA UN SISTEMA DE DIÁLISE PERITONEAL PARA A TELEMONITORIZACIÓN DOS SEUS PACIENTES

- **É unha modalidade de tratamento substitutivo renal que permite aos pacientes con enfermidade renal crónica avanzada tratarse no seu domicilio**
- **O persoal sanitario da Unidade de Diálise Domiciliaria (UDD) pode consultar os datos do tratamento 24 horas ao día, os 7 días da semana e configurar modificacións e alertas sen que o paciente teña que desprazarse ao hospital**
- **51 pacientes foron atendidos na Unidade de Diálise Domiciliaria do Hospital Clínico de Santiago o pasado ano**

**Santiago de Compostela, 12 novembro de 2020** – O Servizo de Nefroloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ven de implantar o proxecto *HomeChoice Claria*, un sistema de diálise peritoneal automatizada (a modalidade de tratamento substitutivo renal que permite aos pacientes tratarse no seu domicilio mentres dormen) que incorpora *Sharesource*, unha nova plataforma de comunicación e xestión remota bidireccional baseada na nube, para a telemonitorización do paciente.

Con ela, os profesionais sanitarios poderán dispoñer de acceso aos datos máis relevantes do tratamento domiciliario do paciente, sen necesidade de que este se desprace ao hospital ou ao centro de diálise. O sistema recompila automaticamente os datos do tratamento de diálise que o paciente realiza diariamente no seu domicilio e organízalos nun informe ao cal o persoal sanitario da UDD pode acceder e consultar facilmente as 24 horas do día, sete días á semana, 365 días ao ano.

Así, “baseándose nesta información precisa, mellórase a capacidade de resposta ante calquera incidencia, facilitando un seguimento clínico máis estreito e o axuste de maneira remota das pautas de tratamento de diálise prescritas”, subliña Rafael Alonso, responsable da Unidade de Diálise Domiciliaria. “Igualmente, a plataforma asegura un aumento do control, a seguridade e a adherencia do paciente ao tratamento, un dos retos máis importantes que ten por diante o sistema sanitario”, engade o Dr Alonso.

Co novo sistema redúcese o número de visitas non programadas e evitables e acádase un equilibrio máis eficaz para o persoal sanitario entre o tempo que dedican a coidar de forma proactiva e o que invisten en solucionar incidencias de forma reactiva. Isto cobra unha especial relevancia tendo en conta que a enfermidade renal crónica avanzada (ERCA), que afecta ao 0,1% da poboación en España, supón o 3% do gasto sanitario, o que a converte nun dos principais problemas de saúde pública no país.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A implementación desta tecnoloxía de vangarda supón un paso adiante no tratamento destes pacientes: ofrece cadros de mando cos datos diarios dos tratamentos, alertas gráficas, avisos configurables, a evolución dos datos históricos dos tratamentos e a posibilidade de analizar a información, así como a elaboración de informes personalizados.

### **Diálise peritoneal: mellor calidade de vida para o paciente**

A diálise peritoneal é a que utiliza unha membrana abdominal (peritoneo) como filtro natural para eliminar as toxinas urémicas do torrente sanguíneo e manter a homeostase do medio interno (principais funcións do ril, entre outras). Esta técnica permite aos pacientes con ERCA que precisan tratamento substitutivo renal tratarse no seu domicilio, adaptar o tratamento ao seu modo de vida, ofrecéndolles maior autonomía, mobilidade e intimidade mellorando en última instancia a súa calidade de vida. Esta terapia proporciona unha maior supervivencia inicial e é posible en gran número de doentes con tratamento substitutivo.

A telemonitorización mellora os resultados das unidades de diálise domiciliaria ao aumentar o control, a seguridade e a adherencia do paciente ao tratamento. Isto permite ao persoal sanitario da Unidade dedicar máis tempo á asistencia dos pacientes e desta maneira evitarlles desprazamentos ao hospital ante calquera incidencia na súa terapia, cambiando por tanto de paradigma no coidado de pacientes con enfermidade renal crónica avanzada.

### **Unidade de Diálise Domiciliaria do CHUS**


51 pacientes foron atendidos na Unidade de Diálise Domiciliaria o pasado ano: deles, 48 no Programa de Diálise Peritoneal e 3 de Hemodiálisis Domiciliaria. Cada vez máis pacientes beneficianse da técnica de Diálise Peritoneal Automática (asistida por unha cicladora mentres o paciente durme), xa que pasaron de empregala o 32% dos pacientes no ano 2016 a beneficiarse o 51% no ano 2019 (mentres o 49% restante realizou a modalidade Diálise Peritoneal Continua Ambulatoria, a realizada manualmente polo paciente).

Ademais, durante o pasado ano, coa colaboración do Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva, foron implantados 19 catéteres peritoneais por vía laparoscópica, dous recambios e unha recolocación de catéteres disfuncionantes. Mostra do carácter ambulatorio e a baixa taxa de hospitalización dos pacientes que realizan esta técnica de terapia substitutiva renal é a evolución no número de intercambios manuais realizados no Hospital: no ano 2014 realizáranse 1.270 intercambios e tan só 255 en 2019. A taxa de mortalidade da técnica no noso Hospital en 2019 foi do 2%, por baixo da taxa do Rexistro Nacional que foi do 10%. Nos últimos 9 meses de actividade do Programa de Transplante Renal do Hospital Clínico, un total de 17 pacientes do Programa de Diálise Peritoneal foron trasplantados de ril.

### **Sáudos,**

Gabinete de Comunicación e Imaxe  
Área Sanitaria de Santiago de Compostela  
Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago  
<http://xisantiago.sergas.es>  
<http://www.fidisantiago.es>  
981 950 023 / 629 25 37 54 / 981 950 967 / 629 932 323  
Hospital Clínico.Travesía da Choupana s/n  
Santiago de Compostela 15706

 [@santiagosergas](https://twitter.com/santiagosergas)

 [@santiagosergas](https://www.facebook.com/santiagosergas)

 [@fidis\\_santiago](https://twitter.com/fidis_santiago)

 [@FIDIS.Santiago](https://www.facebook.com/FIDIS.Santiago)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA